Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.
Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública
Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Explorar as oportunidades laborais - Nesta actividade identificaránse os traballos dispoñibles no sector do ciclo formativo, diferenciando entre sectores laborais e compararando traballos no sector privado e na función pública dentro da área profesional do Título. Reflexionarase sobre as actitudes e habilidades para traballar no campo profesional identificando áreas de mellora.	• Introduce os contidos e presenta o material e os recursos a utilizar para a resolución dos retos por parte do alumnado • Elabora os retos prácticos propostos ao alumnado • Orienta ao alumnado e resolve as dúbidas	• Busca, selecciona e procesa información • Resolve os retos prácticos	• Resolución de retos tu sector	• Material de clase (unidade didáctica e retos) facilitado polo profesor. • Aula virtual • Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• LC.1 - test identificación de competencias • TO.1 - Tarefa de clase: Caso práctico sector do ciclo formativo e o seu futuro. • TO.2 - Tarefa de clase. Caso práctico identificación preferencias de postos de traballo no sector • TO.3 - Tarefa de clase. Caso práctico comparación traballo empresa privada e pública	3,0
					TOTAL	3,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A carreira profesional	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Mellorar a súa orientación profesional 1.2 Tomar conciencia do potencial profesional	1	Deseño e elaboración do porfolio profesional	14,0

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.3 Coñecer as habilidades e competencias máis demandadas no mercado laboral 1.4 Decidir o obxectivo profesional 1.5 Planificar o proxecto profesional que permita alcanzar os obxectivos profesionais 1.6 Trazar un plan de acción para desenvolver áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais			
		TOTAL	**14**

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento	• TO.1 - Portfolio profesional Autodescubrimiento	S	10
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título	• TO.2 - Portfolio profesional Coñecer o título profesional	S	10
CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego	• TO.3 - Portfolio profesional Descubrindo soft skills	S	10
CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional	• TO.4 - Portfolio profesional Autorrealización profesional	S	10
CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego	• LC.1 - Test autoestima na procura de empresgo	N	1
CA2.6 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional	• TO.5 - Portfolio profesional Estratexias para o mercado laboral: DAFO persoal	S	20
CA2.7 Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais	• TO.6 - Portfolio profesional Estratexias para o mercado laboral: CAME persoal	S	10
CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador	• LC.2 - Experiencias vitais emprendedoras (deseñar canva persoal)	N	1
CA2.9 Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional	• TO.7 - Portfolio profesional Diseño do itinerario formativo	N	3
CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral	• TO.8 - Portfolio profesional Definición do obxectivo profesional	S	15

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego	• TO.9 - Portfolio profesional: trazado do plan de acción	S	10
		TOTAL	**100**

4.4.e) Contidos

Contidos
Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.
0Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Información sobre a estrutura do sistema educativo.
Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.
Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.
Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.
Oportunidades de formación e emprego en Europa.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.
0Habilidades de organización e xestión.
A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.
Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.

Contidos
Estratexias para superar as eivas de comunicación.
Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.
Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Deseño e elaboración do porfolio profesional - Nesta actividade exploranse as cualidades e competencias persoais que se posúen e se aliñan coas esixencias do sector profesional, empregando ferramentas para identificar as habilidades chave requiridas na industria alimentaria, identificando os obxectivos profesionais e creando un plan de acción personalizado para alcanzalos.	• Introduce os contidos e presenta o material e os recursos a utilizar para a resolución dos retos por parte do alumnado • Elabora os retos prácticos propostos ao alumnado • Orienta ao alumnado e resolve as dúbidas	• Busca, selecciona e procesa información • Resolve os retos prácticos	• Porfolio profesional	• Material de clase (unidade didáctica e retos) facilitado polo profesor. • Aula virtual • Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• LC.1 - Test autoestima na procura de empresgo • LC.2 - Experiencias vitais emprendedoras (deseñar canva persoal) • TO.1 - Portfolio profesional Autodescubrimiento • TO.2 - Portfolio profesional Coñecer o título profesional • TO.3 - Portfolio profesional Descubrindo soft skills • TO.4 - Portfolio profesional Autorrealización profesional • TO.5 - Portfolio profesional Estratexias para o mercado laboral: DAFO persoal • TO.6 - Portfolio profesional Estratexias para o mercado laboral: CAME persoal • TO.7 - Portfolio profesional Diseño do itinerario formativo • TO.8 - Portfolio profesional Definición do obxectivo profesional	14,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					• TO.9 - Portfolio profesional: trazado do plan de acción	
					TOTAL	14,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A empregabilidade	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.4 Aplicar as competencias dixitais para crear unha contorna de aprendizaxe para a empregabilidade 1.5 Identificar e desenvolver a identidade dixital como figura clave na mellora da empregabilidade 1.6 Deseñar unha contorna de aprendizaxe para a mellora da empregabilidade 1.7 Realizar un plan de desenvolvemento individual mediante a aprendizaxe autónoma e a aplicación das competencias dixitais como recurso para a mellora da empregabilidade 1.8 Fomentar o emprego de ferramentas de aprendizaxe autónoma para o desenvolvemento persoal e profesional	1	Configuración do plan de desenvolvemento individual	10,0

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar a importancia da responsabilidade individual como motor de aprendizaxe permanente e o desenvolvemento profesional 1.2 Definir e determinar a empregabilidade como habilidade crave para a adaptación laboral 1.3 Coñecer e empregar ferramentas, recursos, fontes de información e conexións para a mellora da empregabilidade			
		TOTAL	**10**

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias	• LC.1 - Tarefa de clase aprendizaxe ao longo da vida	N	1
CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral	• LC.2 - Infografía empregabilidade	N	2
CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade	• TO.1 - Tarefa de clase ferramentas e recursos para mellora da empregabilidade	S	10
CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade	• TO.2 - Tarefa de clase aplicación das competencias dixitais	S	15
CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade	• TO.3 - Tarefa de clase identidade dixital	S	15
CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade	• LC.3 - Canva procura de fontes de información	N	2
CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade	• TO.4 - Plan de desenvolvemento individual de mellora da empregabilidade	S	15
CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional	• TO.5 - Canva persoal de empregabilidade	S	10
CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual	• TO.6 - Reto LinkedIn	S	30
		TOTAL	**100**

4.5.e) Contidos

Contidos
Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade.
0Relevancia para a empregabilidade..
Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.
Concepto.
Necesidade dunha avaliación periódica do progreso.
Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión.
Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.
Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional.
Pegada e reputación dixital.
Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional.
Concepto e características.
Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.
Protección de datos persoais e identidade dixital.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Configuración do plan de desenvolvemento individual - Nesta actividade tomarase conciencia da responsabilidade persoal no crecemento profesional, valorarando a aprendizaxe continua, configurarase unha contorna persoal de aprendizaxe (PLE) para	• Introduce os contidos e presenta o material e os recursos a utilizar para a resolución dos retos por parte do alumnado	• Busca, selecciona e procesa información • Resolve os retos prácticos	• A tua contorna persoal de aprendizaxe	• Material de clase (unidade didáctica e retos) facilitado polo profesor. • Aula virtual	• LC.1 - Tarefa de clase aprendizaxe ao longo da vida • LC.2 - Infografía empregabilidade	10,0

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
alcanzar os obxectivos de desenvolvemento persoal e profesional, identificando e empregando diversas ferramentas e fontes de información que pemitan a mellora da empregabilidade; así como aprender a xestionar a imaxe na internet de maneira profesional e positiva.	• Elabora os retos prácticos propostos ao alumnado • Orienta ao alumnado e resolve as dúbidas			• Aplicacións dixitais e medios audivisuais	• LC.3 - Canva procura de fontes de información • TO.1 - Tarefa de clase ferramentas e recursos para mellora da empregabilidade • TO.2 - Tarefa de clase aplicación das competencias dixitais • TO.3 - Tarefa de clase identidade dixital • TO.4 - Plan de desenvolvemento individual de mellora da empregabilidade • TO.5 - Canva persoal de empregabilidade • TO.6 - Reto Linkedln	
					TOTAL	**10,0**

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios mínimos exixibles son os que se indican a continuación:

UF 1: Prevención de riscos laborais

o CA1.1. Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.

o CA1.2. Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.

o CA1.3. Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias.

o CA1.5. Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.
o CA1.6. Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos.
o CA1.9. Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios.

UF 2: Empregabilidade e relacións laboráis

o CA2.1. Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional.
o CA3.1. Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento.
o CA3.2. Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título.
o CA3.3. Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego.
o CA3,4. Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional
o CA3.6. Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional.
o CA3.7. Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais.
o CA3.10. Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral
o CA3.11. Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego
o CA4.3. Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.
o CA4.4. Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.
o CA4.5. Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade.
o CA4.7. Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade.
o CA4.8. Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
o CA4.9. Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual.
o CA541. Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.
o CA5.2.Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais.
o CA5.4 Identificáronse os compoñentes do recibo de salario.
o CAB.5. Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden da na relación laboral.
o CA5.7. Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O módulo consta de dúas unidades formativas que terán o seguinte peso:

UF1: 40%
- RA1: 40%

UF2: 60%
- RA2: 30%
- RA3: 5%
- RA4: 15%
- RA5: 10%

A avaliación do alumnado será continua e integral, proporcionando información sobre a sua aprendizaxe a través dun seguimento tanto individual como grupal, segundo os criterios de avaliación das unidades didácticas.

- As cualificacións do alumnado levaranse a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza xefatura de estudos.
- A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimáis entre 1 e 10.
- En ningún caso,o feito de aprobar calquera das avaliacións parciais suporá o aprobado das demais, dado que éstas teñen carácter eliminatorio.
- Para que o alumnado acade o aprobado deberá obter un mínimo de 5 puntos.

A nota do alumnado en cada unha das avaliacións legalmente establecidas obterase aplicando a seguinte ponderación:

Primeira e segunda avaliación

(A) 40% corresponde a tarefas realizadas na clase, tales como exercicios, supostos prácticos, traballos individuais e/o grupais e demáis actividades que se poidan plantexar na aula. Á hora de cualificar as actividades do alumnado e aplicar a porcentaxe correspondente dentro da cualificación da avaliación, esíxese a súa realización no aula (excepto cando o profesor propoña a súa elaboración fóra das horas lectivas ou por falta xustificada do alumnado) e entrega destas no prazo establecido. A súa posterior entrega sen xustificación, supoñerá a revisión e corrección, no seu caso, pero non serán puntuadas a efectos de avaliación.
(B) 60% corresponde á proba escrita ou exame de avaliación, que consistirá nunha ou varias probas escritas, de carácter teórico-práctico e nas que poderanse combinar cuestións tipo test, preguntas curtas e casos prácticos similares aos suscitados e resoltos no aula. A valoración de cada unha das cuestións ou casos prácticos indicarase por escrito a continuación do enunciado correspondente, coa finalidade de que o alumnado teña coñecemento da puntuación asignada a cada unha no cómputo global da proba escrita.
- A nota da avaliación será a suma de A e B. En caso de obter números decimais, redondearase ata o número enteiro superior se o decimal e igual ou superior a 5, en caso contrario desprezarase. Non procederase a redondeo superior se a cualificación da avaliación e inferior a 5.

Terceira avaliación

A nota da avaliación será a media das tarefas realizadas na clase, tales como exercicios, supostos prácticos, traballos individuais e/o grupais e demáis actividades que se poidan plantexar na aula e tendo en conta o peso das mesmas na unidade. Á hora de cualificar as actividades do alumnado e aplicar a porcentaxe correspondente dentro da cualificación da avaliación, esíxese a súa realización no aula (excepto cando o profesor propoña a súa elaboración fóra das horas lectivas ou por falta xustificada do alumnado) e entrega destas no prazo establecido. A súa posterior entrega sen xustificación, supoñerá a revisión e corrección, no seu caso, pero non serán puntuadas a efectos de avaliación.

- A nota da avaliación será a nota media obtida nas tarefas realizadas polo alumnado, tendo en conta o peso das unidades didácticas na avaliacíon. En caso de obter números decimais, redondearase ata o número enteiro superior se o decimal e igual ou superior a 5, en caso contrario desprezarase. Non procederase a redondeo superior se a cualificación da avaliación e inferior a 5.
-O alumnado con avaliacións suspensas poderá recuperar as partes non superadas nunha proba escrita a realizar ao inicio da seguinte avaliación.

AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO:

A cualificación na avaliación final será a media das cualificacións sen aplicar redondeo obtidas na primeira, segunda e terceira avaliación, tendo en conta o peso das unidades didácticas no total do módulo.

ALUMNADO CO MÓDULO DE FOL PENDENTE:

O alumnado que teña pendente o módulo de FOL de primeiro será avaliado pola xefatura de departamento, salvo no suposto de que, voluntariamente quera asumilo o profesorado que lle impartiu clase en primeiro ou o profesorado que imparta en segundo, tendo en conta o informe individualizado elaborado polo profesor do curso anterior.
O alumnado será avaliado en decembro e marzo, con carácter previo ao periodo de realización da Formación en centros de traballo (FCT), debendo entregar as tarefas plantexadas polo profesorado nos prazos establecidos, cun peso na nota do 30 % e realizar una proba de avaliación, cun peso na nota do 70%.
A avaliación realizada en decembro non terá carácter eliminatorio, podendo recuperarse no mes de marzo.

En ningún caso, a superación da avaliación de decembro suporá o aprobado do módulo. O alumnado deberá obter, polo menos unha calificación mínima de 5 puntos para superar o módulo, tras a aplicación da ponderación establecida en cada unha das unidades formativas nas que se divide o módulo (UF1: 40%, UF2: 60%).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado con avaliacións suspensas poderase presentar a unha proba de recuperación a realizar ao comezo da seguinte avaliación, onde será evaluado daquelas partes non superadas. O profesor facilitará exercicios de reforzo ao alumno e resolverá as dúbidas concretas que lle poidan suscitar.

Avaliación final: ao alumnado que non supere o módulo na terceira avaliación achegaráselle informe individualizado no que se indicará as partes pendentes de superar, a data da proba extraordinaria de recuperación e as actividades a realizar neste período.

ALUMNADO CO MÓDULO DE FOL PENDENTE:

O alumnado que teña pendente o módulo de FOL de primeiro será avaliado pola xefatura de departamento, salvo no suposto de que, voluntariamente quera asumilo o profesorado que lle impartiu clase en primeiro ou o profesorado que imparta en segundo, tendo en conta o informe individualizado elaborado polo profesor do curso anterior.

O alumnado será avaliado en decembro e marzo, con carácter previo ao periodo de realización da Formación en centros de traballo (FCT), debendo entregar as tarefas plantexadas polo profesorado nos prazos establecidos, cun peso na nota do 30 % e realizar una proba de avaliación, cun peso na nota do 70%. A avaliación realizada en decembro non terá carácter eliminatorio, podendo recuperarse no mes de marzo.

En ningún caso, a superación da avaliación de decembro suporá o aprobado do módulo.

O alumnado deberá obter, polo menos unha calificación mínima de 5 puntos para superar o módulo, tras a aplicación da ponderación establecida en cada unha das unidades formativas nas que se divide o módulo (UF1: 40%, UF2: 60%).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que perdan o dereito a avaliación continua farán unha proba extraordinaria nas datas fixadas pola xefatura de estudos que consistirá nunha proba escrita que poderá incluír parte teórica e práctica. O alumnado deberá obter, polo menos unha puntuación mínima de 5 puntos para superar o módulo.

O dereito á avaliación continua perderase cando se alcance un número de faltas non xustificadas do 10% das horas do módulo. A partir do 10% de faltas xustificadas, estas compútanse como non xustificadas, polo

que un 20% de faltas xustificadas daría lugar tamén á perda do dereito a avaliación continua

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase na aplicación da Consellería de Educación segundo o modelo de sistema de xestión da calidade implantado no centro. No caso de que existan desviacións na mesma, especificaranse as causas e propostas de mellora.

En relación a avaliación da propia práctica docente, ao longo do curso entregaráselle ao alumnado unha enquisa de avaliación das actividades na aula. Anónimamente valoraránse determinados aspectos da práctica docente (metodoloxía, actividades, probas de avaliación, recursos empregados)

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial efectuarase mediante un cuestionario sinxelo que o alumnado deberá cumplimentar e entregar. Recollerá dous aspectos básicos: por un lado, datos persoais e laborais que poidan ser de interese, e en segundo lugar detectar os coñecementos previos que teñen sobre o módulo e os contidos obxecto do seu estudo. Ademais, desenvolverase unha charla grupal na aula co conxunto do alumnado, para obter unha maior información e favorecer o seu coñecemento mutuo.

Adoptaranse as medidas acordadas polo equipo docente do Ciclo Formativo e o Departamento de Orientación tras a sesión de avaliación inicial do Ciclo formativo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún alumno ou alumna non responda globalmente aos obxectivos programados, exporase na reunión do equipo docente do ciclo, a fin de que en consenso se tomen as medidas necesarias.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Atendendo aos obxectivos anuais que desenvolve o Plan funcional do centro, os valores que se traballarán serán:

- Fomentar o uso da lingua galega
- Promover a igualdade de xénero en todas as accións levadas a cabo no módulo ¿ Identificar aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas
- Fomentar o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando a comunicación
- Resaltar a importancia do benestar físico, psíquico, social e ambiental
- Fomentar a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando posibles prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferencias de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenza e outras características individuais
- Concienciar ao alumnado da necesidade dun desenvolvemento sostible e dun consumo responsable e baseado na redución, reciclaxe e reutilización.
- Desenvolver un espírito crítico, analizando a información obtida a través dos medios audiovisuais, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ao consumo e os mecanismos do mercado

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Charla- taller de primeiros auxilios impartida por un técnico de protección civil no primeiro trimestre
Actividades propostas no departamento durante o curso